



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso
administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2022/G010/000010
Sesión núm. 10/2022-Pleno

DECRETO DA ALCALDÍA DA CONVOCATORIA DO PLENO

De conformidade co establecido no artigo 46, apartados 2 e 3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e nos artigos 78 e 80 do real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en con observancia das medidas sanitarias en vigor debido ao SARS-CoV-2,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Convocar sesión do Pleno do Concello nas data e hora que se indican en primeira convocatoria, e corenta e oito horas máis tarde en segunda convocatoria coa seguinte orde do día:

Sesión de: Pleno	Data da sesión: 30 de xuño do 2022
Convocatoria: Ordinaria	Hora: 20.00
	Lugar: Salón dos Plenos da Casa do Concello

ORDE DO DÍA

- 1º.- Modificación da Relación de Postos de Traballo por execución de sentenzas TSXG, adopción de medidas de redución da temporalidade do emprego público e creación de novos postos.
 - 2º.- Subvención nominativa para Reforma edificación (antigo edificio escola de Carnoedo).
 - 3º.- Proposta de declaración de sede do XV encontro de embarcacións tradicionais de Galicia (EETG) 2023.
 - 4º.- Convenio urbanístico para a cesión e urbanización dun vial no lugar da Fraga – Veigue
 - 5º.- Proposta da alcaldía de aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de gastos 2P/2022.
 - 6º.- Modificación de crédito 15/22. Suplemento de crédito 01/22
 - 7º.- Control da actividade dos restantes órganos da Corporación.
- A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 23 de maio (núm. 701) ata o 23 de xuño do 2022 (núm. 879).
- B. Mocións.
- C. Rogos e preguntas.

SEGUNDO: Dar traslado da presente Resolución aos sres. concelleiros membros do órgano Colexiado, advertíndolles de que, conforme co disposto polo artigo 12.1 do RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar con antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

TERCEIRO: Que se poña a disposición dos concelleiros a documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día que deban servir de base para o debate e, de ser o caso, votación, na Secretaría do Concello, aparte da súa posta a disposición a través da sede electrónica municipal ou da súa remisión por medios dixitais.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e polo secretario accidental do Concello, Juan Esteban Méndez Leiva, o 27 de xuño do 2022.